



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 16 de xaneiro de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/16002

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Construcións Arquitectónicas

Departamento: Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas

Centro: Escola Técnica Superior de Arquitectura

Tras analizar a documentación da praza 25/16002, as reclamacións presentadas por D^a Carolina Martínez García e por D^a María del Pilar de la Rosa García, e o informe da Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 16 de xaneiro de 2026, acorda:

- estimar as alegacións realizadas polas reclamantes sobre a valoración indebida dos méritos doutras persoas candidatas no punto I.4 Outras titulacións universitarias relevantes para a praza e instar á Comisión de selección a que aplique estritamente o establecido na *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador* (aprobada polo Consello de goberno de 7/11/2024) no seu anexo I –en adiante *Normativa*– que permite unicamente valorar titulacións non valoradas no punto I.1 e I.2 (nivel de diplomatura, grao, licenciatura, mestrado e doutoramento)
- estimar a alegación realizada por D^a María del Pilar de la Rosa García no relativo á valoración indebida como docencia regrada (no punto IV. Experiencia profesional) da realización de talleres por parte dunha das persoas candidatas
- desestimar as alegacións realizadas polas reclamantes no relativo ao establecemento das áreas afíns por parte da Comisión de selección por entrar esta competencia dentro da súa discrecionalidade técnica
- instar á Comisión de selección á revisión das puntuacións outorgadas a todas as persoas candidatas no punto I.1 Expediente académico, visto que se aprecian eventuais erros materiais, ademais de inconsistencia na nota media seleccionada para a valoración das diferentes candidaturas
- solicitar da Comisión de selección a puntuación desglosada por mérito dos puntos III.1 Publicacións científicas e IV. Experiencia profesional de todas as persoas candidatas e lembrarlle que só pode ter en conta os méritos contemplados na *Normativa* e xustificados conforme ao aí sinalado
- solicitar da Comisión de selección o envío dunha nova proposta de provisión e do respectivo Excel que teña en conta e aplique o sinalado nos puntos anteriores
- facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández